



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

Asunto: Impulsión ó trámite e eliminación de incidencia sobre os expedientes urbanísticos.

É evidente que no noso concello, existe un bloqueo administrativo, propiciado, quizais, por unha excesiva carga de traballo, acumulación de tarefas en algúns departamentos, que se agrava co absentismo laboral, días de permiso, baixas, vacacións, etc., todo iso como consecuencia da ausencia dun bo organigrama, ou dunha mala organización-planificación, herdada de tempos atrás.

Como exemplo valer subliñar aspectos puntuais, deixando para outra ocasión unha morea de cuestións que evidencia a ineficacia administrativa.

Estes aspectos puntuais “importantes”, e impactantes pódense resumir así:

A Secretaría Municipal emite informe desfavorable de data 24 de xaneiro de 2011, respecto da legalización do local para Bar-Tapería, pertencente a D^a. Emériña Figueroa Martínez.

Esta Alcaldía disinte do contido de devandito informe en base a que o apartado 13 do art. 3 da Lei 17/2009, LAS, define como “profesión regulada” a actividade ou conxunto de actividades, cuxo acceso, exercicio ou unha das súas modalidades de exercicio estean subordinadas de xeito directo ou indirecto, en virtude de disposicións legais ou regulamentarias, á posesión de determinadas cualificacións profesionais, podendo os prestadores establecerse libremente para exercer unha actividade de servizos sen máis limitacións que as establecidas de acordo co prevista nesta Lei (art. 4).

Tampouco resulta congruente o criterio mantido pola Secretaría co previsto no invocado art. 5 da As e art. 9.1.b) da Directiva 2006/123/CE xa que o mesmo oréntase, precisamente, en sentido contrario, ao establecer, respecto dos réximes de autorización, que a normativa reguladora do acceso a unha actividade de servizos ou do exercicio da mesma non poderá impor aos prestadores un réxime de autorización, salvo excepcionalmente e sempre que concorran as condicións de non discriminación, necesidade e proporcionalidade, que haberán que motivarse suficientemente na Lei que estableceza devandito réxime.